

LIGA GALEGA DE NATACIÓN MÁSTER OPEN

Tempada 2016 - 2017. Circular 16-24.

1.- Organización, datas e sedes

1.1.- Celebrarase en catro xornadas durante as datas e sedes establecidas no calendario de natación máster para a presente tempada.

1.2.- Cada xornada da liga levarase a cabo nunha sesión que comezará ás 10.00 horas.

1.3.- As xornadas 2ª e 3ª disputaranse en dúas sedes que, en función das solicitudes recibidas, intentarase que sexan zona norte e zona sur, cos clubs repartidos por proximidade xeográfica e por nº de licenzas.

1.3.1.- Os deportistas de clubs de fora de Galicia terán que aboar 25 euros por tempada, en concepto de cota de participación nas competicións da FEGAN. Os deportistas deberán ter tramitada a licenza na súa comunidade de procedencia, debendo enviar previamente fotocopia da mesma.

2.- Programa de probas

1ª XORNADA (1 sede)	2ª XORNADA (2 sedes)
1.- 200 Libre Mixto 2.- 50 Bolboreta Feminino 3.- 50 Bolboreta Masculino 4.- 100 Estilos Feminino 5.- 100 Estilos Masculino 6.- 50 Braza Feminino 7.- 50 Braza Masculino Descanso 10' 8.- 4x50 Libre Mixto	1.- 200 Bolboreta Mixto 2.- 100 Costas Feminino 3.- 100 Costas Masculino 4.- 50 Libre Feminino 5.- 50 Libre Masculino 6.- 200 Estilos Mixto 7.- 100 Braza Feminino 8.- 100 Braza Masculino Descanso 10' 9.- 4x50 Estilos Feminino 10.- 4x50 Estilos Masculino
3ª XORNADA (2 sedes)	4ª XORNADA (1 sede)
1.- 400 Libres Mixto 2.- 50 Braza Feminino 3.- 50 Braza Masculino 4.- 200 Costas Mixto 5.- 100 Libres Feminino 6.- 100 Libres Masculino 7.- 50 Costas Feminino 8.- 50 Costas Masculino Descanso 10' 9.- 4x50 Libres Feminino 10.- 4x50 Libres Masculino	1.- 200 Braza Mixto 2.- 50 Libres Feminino 3.- 50 Libres Masculino 4.- 100 Bolboreta Feminino 5.- 100 Bolboreta Masculino 6.- 50 Costas Feminino 7.- 50 Costas Masculino Descanso 10' 8.- 4x50 Estilos Mixto

3.- Participación

3.1.- A presente normativa está destinada ás seguintes categorías masculina e feminina:

20+.- de 20-24 Anos (nacidos anos 1997-1993)	65+.- de 65-69 anos (nacidos anos 1952-1948)
25+.- de 25-29 anos (nacidos anos 1992-1988)	70+.- de 70-74 anos (nacidos anos 1947-1943)
30+.- de 30-34 anos (nacidos anos 1987-1983)	75+.- de 75-79 anos (nacidos anos 1942-1938)
35+.- de 35-39 anos (nacidos anos 1982-1978)	80+.- de 80-84 anos (nacidos anos 1937-1933)
40+.- de 40-44 anos (nacidos anos 1977-1973)	85+.- de 85-89 anos (nacidos anos 1932-1928)
45+.- de 45-49 anos (nacidos anos 1972-1968)	90+.- de 90-94 anos (nacidos anos 1927-1923)
50+.- de 50-54 anos (nacidos anos 1967-1963)	95+.- de 95-99 anos (nacidos anos 1922-1918)
55+.- de 55-59 anos (nacidos anos 1962-1958)	100+.- de 100 anos e máis (nacidos 1917 e anteriores).
60+.- de 60-64 anos (nacidos anos 1957-1953)	

A idade entenderase cumprida a 31 de decembro do último ano da tempada en vigor.

3.2.- Nas probas de remudas, haberá 8 categorías, establecidas en base á suma das idades dos 4 compoñentes:

+80 (PREMASTER): Máis de 80 anos (80-99).	+200: Máis de 200 anos (200-239)
+100: Máis de 100 anos (100-119).	+240: Máis de 240 anos (240-279).
+120: Máis de 120 anos (120-159)	+280: Máis de 280 anos (280-319).
+160: Máis de 160 anos (160-199)	+320: Máis de 320 anos

Os nadadores da categoría PREMASTER, SÓ poderán participar nas remudas da categoría PREMASTER (80-99) anos. Os restantes nadadores poderán intervir en TODAS as categorías, incluída a PREMASTER.

3.3.- A participación está aberta a todos os nadadores (españóis e estranxeiros) maiores de 20 anos. Os nadadores galegos deberán estar en posesión da licenza federativa galega de Máster vixente.

3.4.- Os nadadores nacionais e estranxeiros deberán estar en posesión da Licenza da súa Federación de procedencia, debendo presentar para a súa inscrición unha fotocopia.

3.5.- Cada nadador poderá participar en dúas probas individuais e a remuda en cada xornada.

4. Inscricións

4.1.- Realizaranse a través do SDP e a acta de preinscrición que o propio programa xera en formato PDF será remitida á Federación por correo electrónico (inscricions@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, o comprobante do pago da inscrición.

4.2.- Para as probas de remudas os clubs efectuarán as inscricións, cubrindo as relacións nominais para probas de remudas, e enchendo todos os puntos requiridos: categoría, tempos de inscrición, etc. deberán enviarse por correo xunto coa citada acta de preinscrición.

4.3.- As fichas de remudas deberán estar cubertas 15 minutos antes do comezo da competición, especificando con claridade os datos requiridos: nomes dos compoñentes, nº de licenza, orde de participación, idade/ano de nacemento, suma total de anos, categoría, etc.

4.4.- As inscricións deberán acharse en poder da FEGAN antes das 20:00 horas do mércores da semana previa á competición (11 días antes da celebración da xornada correspondente), sendo responsabilidade do clube que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.

4.5.- Poderanse dar baixas até media hora antes do comezo da competición non admitíndose altas. Os nadadores non presentados (que non foron dados de baixa no tempo regulamentado) serán penalizados, non podendo nadar na seguinte xornada.

5. Fórmula de competición

5.1.- Todas as probas disputaranse contra o reloxo.

5.2.- As series confeccionaranse segundo os tempos de inscrición, sen distinción de categoría.

5.3.- Puntuación:

- A puntuación nas probas individuais será: 11, 8, 6, 5, 4, 3, 2, 1.
- A puntuación nas probas de remudas será: 22, 16, 12, 10, 8, 6, 4 e 2.

6.- Clasificacións

6.1- Faranse as seguintes clasificacións:

a) Clasificación masculina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas masculinas.

b) Clasificación feminina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas femininas.

c) Clasificación total. Total puntos da suma da clasificación masculina, feminina e máis os puntos das probas mixtas (se existir).

7. Títulos e premios

7.1.- Entregarase un trofeo ao equipo Campión da Liga. A entrega de trofeos da Liga celebrarase no Campionato Galego Máster de verán.

A Coruña, 22 de xullo de 2016

Secretaría Xeral FEGAN